

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE FAGOT

MATERIA: HISTORIA DAS ESCOLAS

CURSO 1º

CONTIDOS

- Antecedentes populares do Fagot nas diferentes culturas ata o século XVI (Aulos, Tibia, Cromorno, Racket...)
- Evolución do dulcián dende o século XVI ata o XVII.
- O Dulcián en Europa e España, así como a súa importancia na música sacra.
- Evolución do instrumento dende o século XVII ata o XIX.
- Características principais das dúas grandes escolas, francesa e alemana.
- Grandes intérpretes dos séculos XVII e XVIII. Relación intérprete-constructor-compositor.
- Coñecemento das primeiras aparicións do Dobre Fagot.
- Planificación e realización de comentarios e traballos prácticos de aproximación histórica.
- Audicións comparadas das obras máis representativas dos séculos XVII e XVIII interpretadas con instrumentos orixinais e actuais.

OBXECTIVOS

Ó finalizar cada curso, o alumno debe ser capaz de:

- Recoñecer auditivamente as diferentes características do Fagot o longo da súa historia.
- Adquirir-lo hábito de escoitar e ler música do repertorio e interesarse por ampliar-las preferencias persoais.
- Coñecer en cada época as relacións entre constructor-intérprete-compositor e o seu resultado no desenvolvemento do Fagot.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE FAGOT

MATERIA: HISTORIA DAS ESCOLAS

- Captar a través da audición, as diferencias entre as gravacións con instrumentos orixinais ou actuais.
- Valorala importancia do dulcian na música Sacra Española e Europea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición Fagotes de diferentes épocas e describi-las súas características principais. *Este criterio pretende avaliala capacidade do alumno para recoñecelas diferencias tímbricas dentro da familia do Fagot.*
- Realizar un comentario crítico a partir da audición comparada dunha obra interpretada con instrumentos orixinais ou con instrumentos actuais. *Este criterio pretende avaliala capacidade do alumno para comentalas diferencias básicas entre os dous tipos de instrumento, así como valorala importancia das fontes e criterios históricos á hora de abordalo estudio dunha partitura.*
- Realizar traballos de investigación sobre algún aspecto determinado dos contidos da materia. *Este criterio pretende avaliar en que medida son capaces os alumnos de proporse a realizar en termos aceptabeis, un pequeno traballo, sexa individual ou en grupo, que os motive a interesarse a descubrir e coñecer algo mais da disciplina, sendo o importante neste a autenticidade e o rigor do estudio realizado, e non a relevancia do tema.*

Os alumnos que superen en faltas de asistencia inxustificadas o 10% do total, perderán o dereito a avaliación continua.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE FAGOT

MATERIA: HISTORIA DAS ESCOLAS

CURSO 2º

CONTIDOS

- Evolución do instrumento nos séculos XVIII,XIX e XX.Evolución e adaptación do fagot a gran orquestra e a nova música.
- Características principais das dúas grandes escolas,francesa e alemana.
- Grandes intérpretes dos séculos VIII,XIX e XX.Relación intérprete-constructor compositor.
- Fábricas e constructores actuais.
- Coñecemento do repertorio do contrafagot.
- Importancia e papel do contrafagot na orquestra.
- Diferencias acústicas do Fagot francés e Alemán, e como afecta a interpretación.
- Fagot alemán e francés. Actualidade e aprendizaxe.
- Planificación e realización de comentarios e traballos prácticos de aproximación histórica.
- Audicións comparadas das obras máis representativas dos séculos XVIII,XIX e XX interpretadas con instrumentos orixinais e actuais.

OBXECTIVOS

Ó finalizar cada curso, o alumno debe ser capaz de:

- Recoñecer auditivamente as diferentes características do Fagot o longo da súa historia.
- Adquirir-lo hábito de escoitar e ler música do repertorio e interesarse por amplia-las preferencias persoais.
- Coñecer en cada época as relacións entre constructor-intérprete-compositor e o seu resultado no desenvolvemento do Fagot.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE FAGOT

MATERIA: HISTORIA DAS ESCOLAS

- Coñecer as diversas convencións interpretativas do repertorio fagotístico especialmente as referidas a escritura rítmica ou a ornamentación.
- Captar a través da audición, as diferencias entre as gravacións con instrumentos orixinais ou actuais.
- Audicións comparadas das obras máis representativas dos séculos XVIII, XIX e XX interpretadas con instrumentos orixinais e actuais.
- Coñecer as diferencias entre as dúas grandes escolas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición, Fagotes de diferentes épocas e describi-las súas características principais. *Este criterio pretende avaliala capacidade do alumno para recoñecer as diferencias tímbricas dentro da familia do Fagot.*
- Realizar un comentario crítico a partir da audición comparada dunha obra interpretada con instrumentos orixinais ou con instrumentos actuais. *Este criterio pretende avaliala capacidade do alumno para comentalas diferencias básicas entre os dous tipos de instrumento, así como valorar a importancia das fontes e criterios históricos á hora de abordar o estudo dunha partitura.*
- Realizar traballos de investigación sobre algún aspecto determinado dos contidos da materia. *Este criterio pretende avaliar en que medida son capaces os alumnos de proporse a realizar en termos aceptables, un pequeno traballo, sexa individual ou en grupo, que os motive a interesarse a descubrir e coñecer algo máis da disciplina, sendo o importante neste a autenticidade e o rigor do estudo realizado, e non a relevancia do tema.*

Os alumnos que superen en faltas de asistencia inxustificadas o 10% do total, perderán o dereito a avaliación continua.